

## A CARTUXA DE PARMA

Stendhal, *A cartuxa de Parma*, Galaxia, Vigo 1995. Traducción de Xermán Palacios.

O ano 1995 trouxo, para enriquecemento e proveito do universo literario das letras galegas, unha traducción ó noso idioma de *La Chartreuse de Parme* de Henri Beyle, que usou como pseudónimo máis coñecido o de Stendhal, nome dunha pequena cidade alemana.

Este autor decimonónico (1783-1842), hoxe considerado como un dos máximos expoñentes das literaturas de tódolos tempos, e, sen lugar a dúbidas, dotado da máis profunda penetración psicolóxica xamais alcanzada, tivo escasísimo éxito en vida. A primeira edición de *Le Rouge et le Noir* tivo unha tirada de 750 exemplares e *La Chartreuse...* só 1.200. Xa o mesmo Stendhal escribía nunha das súas obras menores, *La Vie d'Henri Brulard*: “Je mets un billet de loterie dont le gros lot se réduit à ceci: être lu en 1935”, “Xogo un billete de totería cun premio gordo que se traduce en ser lido para o ano 1935”.

Pretendía escribir, pois, para o século XX, xa que este sentimental impulsivo, rexeitando a énfase romántica da súa época, foi o precursor-fundador do realismo, xunto con G. Flaubert. Sen embargo, xa en 1882 outro escritor, hoxe esquecido pero célebre a comezo de século, P. Bourget (1852-1935), discípulo seu e mestre, tamén inigualable, no campo da psicoloxía novelesca, empezara a revalorizar a Stendhal. Resulta bastante curioso observar cómo o ano 1935, que o escritor propón como inicio do seu recoñecemento e futura popularidade, coincide precisamente co ano do falecemento do seu discípulo Bourget.

H. Beyle foi famoso, pois, antes do que el mesmo previra; o século XX recoñeceuno como prócer indiscutible das letras e, nos albores do século XXI, esta traducción ó galego de *A cartuxa de Parma*, feita por Xermán Palacios, augura máis brillo aínda, se cabe, e máis esplendor –e máis lectores– para Stendhal.

O coidadoso traductor cicelou con esmero e tacto sen par o vocabulario e o período stendhaliano. A súa sólida formación filolóxica, así como a súa ampla experiencia no campo da traducción literaria de escritores decimonónicos (entre outras, *Madame Bovary* e *La educación sentimental* de Flaubert, publicadas en Cátedra) deu esta vez os seus mellores froitos. Basta con ler A

*cartuxa de Parma* de arriba abaixo, deténdose alí onde Stendhal fai filigranas, para decatarse ata que punto Xermán Palacios replica cunha tradución que é, en suma, un prodixio de finura, destreza e esmero: un primor.

Ó longo das 580 páxinas de que consta a tradución que publica a editorial Galaxia, pode o venturoso lector encontrar repartidos como ouro en po achados de todo tipo. Pero como reseñar non é só loar, convén discutir algúns pormenores, xa que toda tradución é, por definición, mellorable.

Advírtase, sen embargo, o lapsus –ou a inadvertencia– do mesmísimo comezo da novela, que reza así no orixinal: “*Le 15 mai...*” e que, na tradución galega, o demarcador temporal baila e dá catro días menos, “*O 11 de maio...*” adiantándose á data do feito histórico que coincide coa data ofrecida na ficción estandhaliana.

No que respecta á interxección *sacrédié*, deformación fonética e gráfica de *sacrédiéu*, posta na boca dunha mesoneira que perora con Fabrice du Dongo, Xermán Palacios tradúcea por *demontre* (Capítulo 3, p. 53 na tradución), que, ademais de ser castelanismo, é un eufemismo de escasa carga semántica, que non reproduce co brío suficiente a lítote da interxección francesa e que quizais quedaría mellor vertido por *maldita sexa*.

Un chisco máis adiante atopámo-lo superlativo hebreo *le brave des braves*, de emprego ou uso moi familiar en francés, traducido literalmente ó galego: *o bravo dos bravos*, calco que non reproduce nin a tonalidade nin o rexistro xeral do diálogo (p. 60).

Hai tamén outros momentos en que o sentido esvara na tradución dalgúns fragmentos. Así, por exemplo, cando no orixinal lemos “*Les soldats couraient de côté et d’autre dans une confusion qui surprit fort notre héros; il trouva qu’ils avaient l’air penaud*” (p. 63) na versión galega vemos que “*Os soldados corrían a un lado e a outro nunha confusión que sorprendeu moito ó noso heroe, notou que parecían avergonzados*” (p.68). En realidade, *penaud*, *avoir l’air penaud* non significa, neste contexto en que o atopamos, (*estar*) *avergonzado*, senón, máis ben, (*estar*) *desconcertado e confuso*, que é como parecen esta-los susoditos soldados.

O depurado carácter da fisionomía da lingua francesa fai desta unha lingua moito máis precisa, analítica, alí onde o galego –e tamén o castelán– necesita usar unha perífrase e, por ende, de máis palabras para expresar un concepto, unha idea. O que sempre se reflicte, amén doutras consideracións, en que a tradución é sempre máis longa có orixinal. E esta tradución non podía se-la excepción.

Por un lapsus do traductor, *A Cartuxa...* empeza antes cronoloxicamente falando cá escrita por Stendhal: un 11 de maio fronte a un 15 de maio. Pero tamén o seu tempo de lectura é moito máis longo e, en consecuencia, termínase de ler algo despois.

Baste lembrar que alí onde o francés quere indica-la iteratividade dun verbo de acción recorre, sen maior problema, a engadi-lo prefixo *re-* (*re* +

*entrer: rentrer* = volver á casa, etc.). É este un recurso moitísimo menos frecuente en galego.

Tamén, nalgúns casos, á hora de traduci-la linguaxe obscena, os palabras, as malas palabras dalgúns dos protagonistas, o noso traductor non só non “reproduce” a palabra malsoante senón que a “eufemiza”. Así, cando Stendhal pon na boca dun soldado o moi común xiro francés *va te faire f.* (‘que che dean polo cu’), Palacios traduce por *e vai facer p...*, moito menos forte, menos frecuente e, finalmente, menos probable en boca dun soldado en pleno campo de batalla (p. 89).

Agás estas pequenas –e discutibles– matizacións, a traducción, en conxunto, respecta escrupulosamente o estilo, o período e a peculiar idiosincrasia do discurso stendhaliano. Así pois, e sen ánimo de loamiñar ó traductor, hai que alegrarse de podermos contar cunha boa e brillante traducción á nosa lingua dun dos máis destacados escritores da prosa francesa de tódolos tempos.

Xosé Mayoralas  
Universidade de Vigo

